

CARTA A MIÑA NAI

Aburrida, miro pola ventá. Caen as pingas da auga sen orde ningún. Primeiro unhas e despois outras. Soas, sen saber que despois ao chegar ao chan ninguén lle vai dar ningunha importancia.

A miña historia é así, bueno en certo modo.

As veces alguen lle daba certa importancia, pouca pero lla daba, así demostrábanme quenes eran os

meus verdadeiros amigos, e a verdade, só tiña un.

Eu era unha pinga mal acompañada e as veces, soa.

Pero as historias hai que contalas dende o principio e sen lamentacións, xa que o feito, feito está.

Eu daquela tiña poucos anos, era moi noviña.

Quería vivir a vida sen preocupacións e sen que ninguén me dixera o que tiña que facer como viñan facendo

desde que eu era pequena.

Iba a ser o mellor verán da miña vida, tiña que selo.

Naquel verán eu facía a miña maioría de idade. Xa podía tomar eu as miñas propias decisións.

Ao principio, andaba coas miñas amizades de toda a vida, e non o pasaba mal a verdade pero necesitaba

experiencias e caras novas, así que cambiei de aires e empecei a xuntarme con xente que non me conviña.

Pode que ao principio non me decatara, pero despois sí, o que nós facíamos non era bo.

Sei que aínda que me lamente, non von cambiar nada nin borrar o dano que fixen.

Sobre todo a miña familia.

Por aquel tempo, eu empezara a fumar e a xogar co mundo das drogas, primeiro por diversión e logo por necesidade. Necesitaba sentir como a miña vista se nublaba e o meu corpo quedaba paralizado, nunha

rúa ou nunha cama, dábame igual o sitio.

Só sei que necesitaba que fluíran aquelas merdas polo meu sangue, facéndome perder o control do meu

corpo e arrebatándome o poder de decidir eu as miñas cousas.

Ese poder que eu tanto desexei durante moitos anos, quitábamo eu mesma.

E non só me facía dano a min mesma, facíallo tamén a miña familia,

cando volvía colocada e quería máis.

Pedíalle os cartos a miña nai, aínda que eu sabía que non mos podía dar, xa que, ela os precisaba para dar de comer aos meus irmáns pequenos e a mín.

Aínda recordo o día que no que me dixó que non mos daba, que eu non era así, que eu sempre fora unha

rapaza boa e aplicada nos meus estudos e que a xente coa que andaba non me conviña.

Enfádeime moito e díxenlle que marchaba da casa a outro lugar onde me quixeran.

Miña nai díxome que non o fixera, que ficara alí con ela porque ela podía axudarme a salir do mundo no que

eu me metera. Díxenlle que non me facía falta axuda ningunha que estaba moi ben no meu mundo.

Entón, marchei da casa na procura doutro lugar.

Pasei varios días vivindo na rúa e con moitas chamadas perdidas no móbil, todas da miña nai.

Eu xa fora xunto aos meus amigos a pedirilles que me deixaran durmir na súa casa, máis ninguén podía, uns polos pais e outros non tiñan sitio.

Pasei varios días na rúa co móbil cheo de chamadas perdidas da miña nai.

Finalmente, volvín a miña casa e pedínlle perdón a miña nai. Ela estaba moi desmellorada, estaba moi pálida e

había adelgazado moito. Notábaselle que non durmira ben.

Ao cabo dun tempo, ela volvía a ser a de antes e eu pouco a pouco, íbame alexando das drogas.

Se agora eston aquí é grazas a miña nai,

a esa muller que mo dou todo canto puido e que mo sigue dando, grazas a ti mamá.